

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBADUMIA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Resultando aprobado definitivamente o “Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable do Concello de Ribadumia”, aprobado polo Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada con data 5 de novembro de 2020, ó non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública (BOP nº 221 de 16/11/2020), faise público o texto íntegro do mesmo que é do teor literal seguinte:

REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE RIBADUMIA

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

O abastecemento de auga potable ao Concello de Ribadumia é un servizo público de competencia municipal, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Así mesmo, é obxectivo deste Regulamento protexer a saúde e calidade de vida, protexer a calidade ambiental e sanitaria das augas litorais e subterráneas do municipio, protexer as instalacións de subministración de auga, así como regular as relacións entre os usuarios, o Concello e, no seu caso, a entidade que teña atribuídas as facultades xestoras deste servizo público, sinalándose os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes.

Artigo 2.- Entidade subministradora

Os efectos do presente Regulamento, entenderase por entidade subministradora de auga potable a persoa física ou xurídica de calquera natureza que efectivamente realice a subministración domiciliar de auga potable, conforme o establecido na vixente lexislación de Réxime Local.

Artigo 3.- Forma de xestión e titularidade do servizo

O servizo de subministración de auga potable é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que aprobe en cada momento o Concello, que ten en calquera caso as facultades de organización e decisión.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

O Concello poderá prestar o servizo de subministración de auga potable mediante calquera das formas previstas en dereito, de forma directa ou indirecta, de acordo co establecido na Lei de Bases de Réxime Local, o Regulamento de Servizos das corporacións locais, e outras normativas, estatais ou autonómicas, que se ditén na materia.

Artigo 4.- Abonado

Enténdese por abonado o titular do dereito de uso da finca, local ou industrial, ou o seu representante, que teña contratado o subministrar de auga potable.

CAPÍTULO II. DEREITOS E OBRIGACIÓNS

Sección 1ª.- Dereitos e obrigacións da entidade subministradora

Artigo 5.- Dereitos da entidade subministradora

A entidade subministradora ten, ademais dos dereitos que se lle asignen neste Regulamento ou en preceptos legais ou regulamentarios, dereito aos seguintes:

- a) Cobrar os servizos prestados segundo a ordenanza fiscal oficialmente aprobada.
- b) Comprobar e revisar as instalacións interiores dos abonados, podendo impoñer a obriga de tomar as medidas correctoras no caso de que aquelas producen perturbacións no servizo ou non cumpren as condicións especificadas no presente regulamento.
- c) Non obstante respecto á obriga xenérica de permanencia na prestación dos servizos a entidade xestora poderá interromper ou reducir a subministración de auga ou a evacuación de verteduras, transitoriamente, sen previo aviso nin responsabilidade pola súa parte, cando así o aconsellen ou esixan as necesidades xerais dos servizos ou ben por causa de forza maior allea á súa vontade.
- d) Os cortes de auga ou de evacuación por tarefas ineludibles e imprevistas de conservación e servizo e/ou forza maior non darán lugar a indemnización, en ningún caso. A entidade subministradora non se fará responsable dos danos producidos en maquinaria, instalacións, etc. non protexidos ante un eventual corte de subministración. Tampouco se fará cargo do “lucro cesante” dos negocios que necesiten a auga para a súa actividade nin de ningunha afección derivada do corte de subministración. En todo caso, as labores de conservación e mantemento programadas realizaranse en horarios que non interfiran nas actividades económicas nin domésticas, na medida do posible, tratando de minimizar os efectos negativos.
- e) As persoas aboadas que pola natureza do uso que lle dean á auga non poidan prescindir do consumo ou evacuación, durante os períodos de interrupción forzosa dos servizos a que se fai referencia nos apartados anteriores, deberán adoptar as medidas necesarias en previsión das devanditas continxencias.
- f) Cando haxa escaseza de auga, a entidade subministradora, para o ben común das persoas aboadas, poderá impoñer restricións durante o tempo e horarios que considere necesarios, previa autorización municipal.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 6.- Obrigacións da entidade subministradora

A entidade subministradora de auga potable está suxeita, excepto nas obrigacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste Regulamento, ao cumprimento das obrigacións seguintes:

a) Prestarlle o servizo a todo petionario e amplialo a todo usuario que o solicite nos termos establecidos neste Regulamento e nas condicións técnicas e económicas recollidas nas disposicións legais aplicables.

b) Manter as condicións de presión e os caudais de acordo coa normativa vixente aplicable.

c) Garantir que a auga fornecida aos usuarios cumpra coas condicións de calidade necesarias para o consumo humano ata a entrega aos consumidores, é dicir, ata a chave de rexistro ou de paso, de acordo co establecido no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, que aproba os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano (RD 140/2003).

d) Levar a cabo o autocontrol da calidade da auga que fornece nos termos que establece o RD 140/2003, e comunicarlle ao Concello, sen prexuízo do resto de administracións e outras entidades subministradoras que poidan resultar afectadas, calquera variación puntual ou episodio de contaminación que poida afectar á calidade da auga fornecida, así como as medidas correctoras e preventivas adoptadas ou que deban aplicarse para evitar calquera risco que poida afectar a saúde da poboación á que se lle subministra.

e) Manter a dispoñibilidade e regularidade na subministración. Non son imputables as interrupcións destes servizos nos supostos indicados neste Regulamento.

f) Efectuar a facturación, tomando como base as lecturas periódicas do contador ou calquera outro sistema de estimación previsto neste Regulamento.

g) Aplicar a tarifa en vigor aprobada polo Concello, e legalmente autorizada polo organismo competente, sobre o consumo e o servizo prestado.

h) Aplicar os prezos aprobados polo Concello para os produtos, dereitos e servizos alleos á venda de auga afectas á subministración dentro do ámbito regulado.

i) Colaborar co usuario na resolución das situacións que a subministración poida expor.

j) Manter un servizo permanente de recepción de avisos e atender correctamente calquera consulta, reclamación ou suxestión formulada polos clientes, e contestar por escrito os presentados desta forma.

k) Manter e reparar os depósitos de almacenamento xeral, as súas instalacións, a rede de distribución e os ramais de acometida ata a válvula de acometida.

l) Elaborar, ou informar previamente á súa aprobación, sempre que a normativa reguladora o permita, os proxectos de subministración de auga incluídos nos instrumentos de plan ou de execución, en canto á idoneidade técnica da execución das obras da rede de subministración e distribución de auga, no caso de que non fosen executadas pola entidade subministradora.



Sección 2ª.- Dereitos e obrigacións dos abonados

Artigo 7.- Dereitos do aboado

1. Subscribir un contrato de subministración suxeita ás garantías previstas neste regulamento e demais normas de aplicación.
2. Consumir a auga nas condicións hixiénico-sanitarias e de presión correspondentes ao uso que, de acordo coas instalacións da vivenda, industria ou outros, sexa o adecuado e de acordo coa normativa legal aplicable.
3. Dispoñer, en condicións normais, dun servizo permanente sen prexuízo das interrupcións deste servizo nos supostos indicados neste Regulamento.
4. Que se lle facturen os consumos segundo as tarifas vixentes e recibir a facturación do consumo efectuado de acordo coas tarifas e prezos aprobados para o efecto, coa periodicidade establecida, agás pacto específico coa entidade subministradora.
5. Ser atendido coa debida corrección por parte do persoal da entidade subministradora en relación coas aclaracións e informacións que poidan exporse sobre o funcionamento do servizo.
6. Formular as reclamacións administrativas que crea pertinentes contra a actuación da entidade subministradora ou o persoal autorizado por esta, mediante os procedementos establecidos neste Regulamento.

Artigo 8.- Obrigacións do aboado

1. Están obrigadas a formalizar o contrato de subministración de abastecemento de auga, que será o documento que acreditará fidelmente, e a todos os efectos, as condicións contractuais entre a entidade subministradora e o usuario/a ou usuaria. Estando así mesmo obrigado a dar conta de calquera cambio na titularidade do contrato.
2. Están obrigadas ao pago inicial do Dereito de Acometida e atender ao pagamento das tarifas vixentes en cada momento.
3. Están obrigadas a facilitar e permitir o libre acceso ao terreo, vivenda, local ou recinto, obxecto da póliza ou contrato e así mesmo ás zonas onde existan instalacións de abastecemento, para o desenvolvemento dos traballos do persoal da entidade subministradora e de aquelas persoas que aínda non séndoo, estean acreditados pola entidade subministradora, mediante a correspondente tarxeta de identificación, traballos que poden implicar tarefas de obras ou de simple inspección, como a dos equipos de medida.
4. Están obrigadas a facilitar á entidade subministradora, á maior brevidade posible, calquera avaría que detecte nas súas instalacións, sobre todo cando teña como consecuencia unha fuga ou perda de auga no caso do abastecemento.
5. Están obrigadas a limitar o consumo de auga ás súas propias necesidades específicas, evitando con iso todo exceso de consumo innecesario en beneficio de manter unha mellor dispoñibilidade para o conxunto das persoas usuarias do abastecemento, adoptando as medidas que resulten precisas para garantir o uso axeitado da subministración de auga.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

6. Están obrigadas impedir o regreso á rede de augas provenientes das súas instalacións interiores xa sexan contaminadas ou non, e comunicarlle á entidade subministradora calquera incidencia que poida afectar o servizo.

7. Están obrigadas a informar á entidade subministradora, cando, por calquera circunstancia, modifique de forma substancial o réxime habitual de consumos e/ou características destes, así como o cambio de destino da auga a consumir, cando leve consigo modificación de tarifa ou, en xeral, cando se produza unha variación de condicións do contrato.

8. Están obrigadas a impedir derivacións das instalacións de subministración contra incendios para outros fins, e tomar auga destas, fóra dos supostos expresamente autorizados.

9. Están obrigadas a utilizar de forma correcta a auga e as instalacións ao seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas axeitadamente e a reparar calquera avaría nas súas instalacións interiores.

10. Están obrigadas a utilizar as instalacións de maneira correcta, manter intactos os precintos colocados pola entidade subministradora ou polos organismos competentes da administración que garanten a inviolabilidade do equipo de medición do consumo e das instalacións de acometida na súa condición de bens do servizo público de subministración, e absterse de manipular as instalacións do servizo e os equipos de medición.

11. Non manipularán as chaves de paso situadas na vía pública sen causa xustificada, estean ou non precintadas.

12. Están obrigados a colocar o contador nun lugar de libre acceso para o persoal do servizo municipal de abastecemento de auga.

CAPÍTULO III.- ACOMETIDAS, CONTADORES E INSTALACIONES INTERIORES

Sección 1ª .- Acometidas.

Artigo 9 .-

Enténdese por acometida o ramal que partindo dunha tubaxe de distribución, conduza a auga ó pé do edificio ou ó acceso do inmovible que se desexa abastecer; comprende dende o collarín de toma na tubaxe xeral ata a chave de rexistro situada nunha arqueta de rexistro ó pé da edificación; e está formada dunha tubaxe única de características específicas segundo o caudal e presión de auga a subministrar. de Marín

Artigo 10.-

1. A determinación das características das novas acometidas ou da ampliación do servizo a un inmovible, a súa instalación, conservación e manexo son competencia da entidade subministradora.

2. Toda persoa que desexe ser abastecida de auga potable fará unha solicitude a entidade subministradora realizándose polos Técnicos Municipais un informe das condicións necesarias para o abastecemento así como un presuposto do custo de dita acometida.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 11.-

As acometidas faranse polo persoal da entidade subministradora ou alleo autorizado pola nomeada entidade, sendo os traballos a cargo do peticionario.

Se a instalación faise polo persoal da entidade subministradora previamente o solicitante satisfará ó custo da mesma segundo o presuposto antedito; se fose por persoal alleo debidamente autorizado o peticionario comunicará a entidade subministradora ó remate da obra para a súa posterior revisión polo persoal do servizo.

Artigo 12.-

No caso de necesitar subministración de auga para realiza-las obras necesarias para a acometida, emitirase un contrato de subministración de auga, regulado nos artigos 27 e 29 deste regulamento.

Artigo 13.-

Feita a instalación, os ramais dende a rede de distribución ata a chave de rexistro quedarán de propiedade da entidade subministradora, sendo ó seu cargo o mantemento, reparación e conservación normal.

A renovación ou substitución total ou parcial da acometida cando sexa necesario farase pola entidade subministradora.

Artigo 14.-

Normalmente só haberá unha acometida para dar servizo a unha finca ou inmovible, necesariamente polo portal principal ou acceso máis próximo á vía pública. Se por causa xustificada, segundo a entidade subministradora, se desexase un subministro especial ou independente poderá contratarse a instalación doutra acometida independente da existente.

Artigo 15.-

A chave de toma e de rexistro serán utilizadas só polo persoal da entidade subministradora ou persoa autorizada sen que propietarios, abonados ou terceiros poidan manipula-las salvo nos casos de forza maior.

Sección 2ª.- Contadores de consumo e lecturas**Artigo 16.- Contadores de consumo**

1. A medición dos consumos de auga de cada abonado/a controlarase mediante os contadores de consumo, que deben servir de base para a facturación da subministración de auga.

2. Con carácter xeral, cada consumo debe dispoñer dun contador para a súa medición, que pode facerse con contador único ou con batería de contadores divisionarios, segundo o número e as características das subministracións.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

3. Os equipos de medida de consumo serán contadores mecánicos ou electromecánicos que, sen máis limitacións que a súa capacidade, en canto ao consumo se refire, sinalarán os volumes de auga que pasan a través destes, debendo reunir as características que especifique a entidade subministradora segundo a lexislación vixente.

4. A partir do momento en que a entidade subministradora inicie a implantación do sistema de telelectura, en todas as novas instalacións, poderá esixir a costa de o/a promotor/a que se adecúen ás instalacións e os contadores aos sistemas de telelectura, todo iso, de conformidade cos requisitos que dispoña convenientemente.

5. O contador ou equipo de medida será propiedade do abonado/a ou da entidade subministradora. Os sistemas de telelectura serán propiedade da entidade subministradora.

6. O tipo, diámetro e situación dos contadores e as características do sistema de telelectura serán determinados pola entidade subministradora. Colocaranse en lugares de doado acceso, o máis preto posible da chave de rexistro e de forma tal, que nin pola súa elevación, nin pola súa situación dificulten a lectura ao persoal encargado de realizala. En calquera caso, será requisito imprescindible o visto bo da entidade subministradora á súa localización.

7. As instalacións de protección contra incendios, dadas as súas características, irán dotadas de equipos de medida especiais e de igual diámetro que as súas acometidas.

8. Con independencia do seu estado de conservación, ningún contador ou aparato de medida poderá permanecer instalado por un espazo de tempo superior aos doce anos ou o tempo máximo que legalmente se establezca.

Artigo 17.-

1. Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado de libre acceso, na planta baixa, preto da chave de paso instalada fronte a edificación de que se trate.

2. No caso de vivendas colectivas situaranse nun compartimento ou caixa pechada cunha chave mestra, mediante o sistema chamado de batería ou outro semellante, de tal xeito que o persoal da entidade subministradora municipal que efectúe a lectura poida libremente anotar as indicacións de tódolos contadores nun só acto.

3. O cambio na titularidade do contrato, así como calquera obra de reforma nas vivendas ou locais implicará adaptar a instalación do contador o disposto nas prescricións técnicas deste regulamento.

4. En aquelas subministracións cuxo contador non está instalado de acordo co ordenado neste artigo, será responsabilidade do abonado aportar as lecturas dos contadores periodicamente á entidade subministradora, para o que se lle facilitarán os impresos axeitados.

5. Todo elo sen menoscabo do dereito por parte do servizo, á inspección dos contadores.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 18.-

Queda prohibido alterar os precintos que como garantía levan colocados os contadores; se por calquera accidente rompese un deles, avisarase a entidade subministradora para que o repare o antes posible.

Artigo 19.-

1. O consumo efectuado é o rexistrado polo contador.

2. Se o contador estivera parado, calcularase o consumo en función do promedio de gasto realizado nos últimos 12 meses; de non ter o promedio dun ano, facturarase polo promedio dende a data de alta, tal circunstancia comunicarase o abonado.

3. Se o contador estivera avariado o abonado estará obrigado a comunicalo a entidade subministradora. Se o usuario non procede a comunicación da avaria do contador facturaráselle un consumo de 90 m3 nos períodos sucesivos ata a subsanación da situación, sen prexuízo do establecido no artigo 20 do Regulamento.

4. Se por calquera causa imputable ó abonado non se puidera efectuar a lectura do contador nun período de 12 meses, facturaráselle un consumo de 180 m3 nos períodos sucesivos, ata a subsanación da situación.

Artigo 20.-

Manter o contador avariado incumprindo a obriga sinalada no anterior apartado poderá producir a suspensión do subministro e a rescisión do contrato.

Artigo 21.-

Os lectores da entidade subministradora xirarán, coa periodicidade que se determine nas tarifas da taxa, unha visita ós contadores e anotarán o consumo correspondente; no caso de ausencia do usuario o lector deixará unha tarxeta coa data e hora na que pasou, esta tarxeta deberá ser presentada na entidade subministradora, no prazo de cinco días, debidamente cumprimentada para practicar a liquidación polo consumo correspondente.

A lectura do contador, facturación e cobro efectuaranse coa periodicidade que se determine nas tarifas vixentes en cada momento.

Artículo 22.- Características técnicas dos contadores

As tomas de entrada e saída serán distintas.

Entrada sete oitavos (7/8) de polgada.

Saída tres cuartos (3/4) de polgada.



Sección 3ª.- INSTALACIONES INTERIORES**Artigo 23.-**

1. Enténdese por instalacións interiores as que se atopen a partires da chave de rexistro cara ó interior da finca.

2. A partir do contador o abonado poderá distribuír as augas para o seu uso e facer executalos traballos por quen queira, sen intervención da entidade subministradora de augas; sen embargo a entidade subministradora deberá informar ó abonado de cantas cuestións se lle requirise sobre o tema.

3. A distribución interior poderá ser inspeccionada pola entidade subministradora para garantila corrección da subministración e a súa adecuación ás normas aprobadas pola entidade subministradora podendo suspenderse a subministración mentres non se corrixa as deficiencias que puideran existir.

4. O abonado non poderá realizar manipulacións na instalación interior que prexudiquen as condicións da subministración concertada.

5. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriamente ó tramo de conexión interior, é dicir, con posterioridade ó emprazamento do contador.

Artigo 24.-

Ao ser propiedade do abonado a tubería dentro da parcela, será ó seu cargo a reparación das posibles fugas, limitándose a entidade subministradora a pecha -la chave da acometida e a avisar ó propietario da anomalía e volvendo a abrila unha vez a instalación esté en condicións axeitadas. Asemade será responsable dos danos e prexuízos que causase.

Artigo 25.-

Prohíbese utilizar acoplamentos á acometida xeral da finca mediante aparellos succionadores, bombas ou mecanismos análogos que poidan causar depresión ou perda de carga na rede xeral de distribución.

CAPÍTULO IV.- ALTAS, BAIAS E MODIFICACIONES**Artigo 26.- Altas**

1. O suministro de auga concederáse pola entidade subministradora a aquelas persoas naturais ou xurídicas, que o soliciten, reúnan as condicións previstas no presente Regulamento e se obriguen ó seu cumprimento.

2. A vixencia do contrato será indefinida podendo ser denunciado libremente por calquera parte.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 27.-

1. A subministración formalizarase nun contrato, acompañándose a solicitude por parte do interesado: documento que acredite a súa propiedade ou demostre dereito dabondo ou autorización ó seu favor sobre a finca onde se vaia a presta-lo servizo.

2. Non se procederá á subministración sen ter cumprimentado os requisitos anteriores, pagados os dereitos de acometida e instalado o contador-medidor ó que se refire a Ordenanza reguladora da taxa da subministración de auga.

Artigo 28.-

1. Non se subscribirá contrato da subministración a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fora a ubicación da nova subministración solicitada, nin a nome de ningún dos coñecidos da unidade familiar ou dos que convivan.

2. Asemade non se subscribirán contratos de subministración de auga ós obxectos tributarios con débedas no servizo, en tanto que o propietario, como substituto do contribuínte, non satisfaga ditas débedas.

3. A condición de abonado é intransferible sendo causa de rescisión o cese da titularidade; nos casos de cambio de titularidade por cesión "mortis causa" os herdeiros terán que comunicar a entidade subministradora nun prazo de tres meses o nome do novo abonado debidamente acreditado.

Artigo 29.-

1. A subministración de auga concederase baixo as seguintes modalidades:

- a) A subministración **domiciliaria** para uso doméstico de vivenda, é dicir, o que ten por aplicación as necesidades da vida, como son a bebida e preparación de alimentos, limpeza, etc.
- b) A subministración **comercial** é a dos locais adicados ó comercio, ós efectos de tarificación, asimílese ó consumo industrial.
- c) A subministración **industrial** é aquela na que a auga úsase como medio de aproveitamento industrial, por exemplo bares, fábricas, garaxes, talleres, perruquerías, etc..
- d) A subministración **de obra** é aquela que se aplica para a construción, ten carácter temporal e provisional, cuxa duración será a que se determine para a realización das obras. Cando se decreta a paralización das obras comunicarase ó departamento de xestión para a suspensión da subministración.
- e) As instalacións **contra incendios** no interior das edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requiriran o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, a tódolos efectos das condicións que este Regulamento prescribe para as instalacións destinadas o abastecemento ordinario.



f) **Outros usos:** Englobanse neste apartado aquelas subministracións que non teñan posibilidade física ou material de ser incluídos nalgún dos apartados anteriores e que:

f.1.- Terán sempre a condición de domésticos, é dicir, para atende-las necesidades primarias da vida, a preparación de alimentos, a limpeza e hixiene persoal, sen prexuízo, no caso de escaseza de auga ou calquera outra causa que o xustifique, de que a subministración poida ser suspendido sen previo aviso e sen dereito a indemnización, sempre a xuízo da entidade subministradora.

f.2.- Esta subministración con leva a alta na rede de sumidoiro e no servizo de recollida de lixo.

f.3.- Estes usos non gozarán de ningún tipo de exención, bonificación ou redución na tarifa.

f.4.- Serán requisitos imprescindibles para a contratación do servizo, que o abonado sexa o propietario do obxecto tributario.

2. A auga só poderá ter o destino para o que sexa contratada, o uso indebido leva consigo a suspensión inmediata da subministración. **Non se autorizarán, en ningún caso, as conexións á rede municipal para o uso de rego de fincas agrícolas.**

Artigo 30.- Baixas

1. A baixa solicitarase polo interesado subscribindo o correspondente boletín, e previa comprobación, pasarase orde para o corte do subministrar.

2. Non procederá a baixa automaticamente cando a entidade subministradora coñeza que con elo se pretende polo abonado propietario prexudicar o dereito do inquilino do local ou vivenda onde se subministra o servizo, sendo necesaria a comunicación ó que se beneficie do subministrar previamente.

Artigo 31.- Modificacións

As modificacións tramitaranse a instancia do usuario do servizo de auga, quen está obrigado a dar conta a entidade subministradora de calquera cambio na titularidade do contrato.

Artigo 32.- Causas de suspensión da subministración

As entidades subministradoras de auga poderán, sen prexuízo do exercicio de accións de orde civil ou administrativo que a lexislación vixente o ampare, suspender a subministración ós abonados ou usuarios nos seguintes casos:

- a) Polo impago das facturacións dentro do prazo establecido ó efecto pola entidade subministradora.
- b) Cando un usuario goce da subministración sen contrato escrito.
- c) Por falta de pagamento no prezo de quince días hábiles contados a partires da data de comunicación, das cantidades resultantes da liquidación firme de fraude no caso probado de reincidencia no mesmo.



- d) En tódolos casos no que o abonado faga uso da auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.
- e) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para a subministración de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados no seu contrato de subministración.
- f) Cando polo persoal da entidade subministradora se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato algún, e dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderá a entidade subministradora efectua-lo corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións.
- g) Cando o abonado non permita a entrada no local a que afecta a subministración contratado en horas hábiles ou de normal relación, co exterior, o persoal que, autorizado pola entidade e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisa-las instalacións cómpre, se é o caso, que a entidade subministradora levante acta dos feitos.
- h) Cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido coa entidade ou as condicións xerais de utilización do servizo.
- i) Cando nas subministracións nas que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores poderán afecta-la potabilidade da auga na rede de distribución, ata que, polos abonados, se tomen as medidas oportunas na evitación de tales situacións, neste caso a entidade subministradora poderá realiza-lo corte inmediato da subministración.
- j) Pola negativa do abonado a modifica-lo rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando iso fora preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este Regulamento.
- k) Cando o abonado mesture augas doutra procedencia e requirido pola entidade subministradora para que anule a devandita anomalía, non a leve a efecto nun prazo máximo de cinco días.
- l) Cando durante doce meses persista a imposibilidade de tomar lectura dentro do réxime normal establecido ó efecto, por causas imputables ó abonado, a entidade subministradora, poderá suspender, transitoriamente, a subministración, ata tanto o abonado acceda a modificar, ó seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso ó mesmo para poder toma-la lectura.
- m) Por negligencia do abonado respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito pola entidade subministradora, transcorre un prazo superior a sete días sen que a avaria fora subsanada.
- n) Cando o usuario se negue a actualiza-la titularidade do contrato de acordo co artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo da subministración de auga.

A suspensión da subministración axustarase ás normas do Regulamento de verificación, do 12 de marzo de 1954, modificado parcialmente polo Real Decreto 1.725/84 do 18 de xullo.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 33.- Procedemento para a suspensión do subministro

1. A suspensión da subministración de auga por parte da entidade subministradora, agás nos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse nos días festivos ou días nos que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin vésperas do día no que se dean algunhas destas circunstancias.

2. En todo caso o expediente de suspensión da subministración axustarase á normativa vixente en materia de procedemento administrativo.

3. O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, ao seguinte día hábil despois de subsanadas as causas que orixinaron o corte da subministración.

4. A notificación do corte da subministración, incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- Nome e enderezo do abonado.
- Identificación da finca abastecida.
- Data a partir da cal producirase o corte.
- Detalle da razón que orixina o corte.
- Enderezo, teléfono e horario das oficinas comerciais da entidade subministradora na que poidan emendar as causas que orixinaron o corte.

5. A reconexión da subministración farase pola entidade subministradora que poderá cobrar ó abonado, por esta operación, unha cantidade máxima equivalente ao importe da cota de instalación do contador.

De ningunha maneira poderán percibirse estes dereitos se non se efectúa o corte da subministración.

6. No caso de corte por falla de pagamento, se no prazo de tres meses, contados dende a data do corte, non se efectuou o pagamento polo abonado dos recibos pendentes, darase por rematado o contrato sen prexuízo dos dereitos da entidade subministradora á esixencia do pagamento da débeda e resarcimento dos danos e prexuízos a que houbera lugar.

Capítulo V.- FACTURACIÓN E PAGO**Artigo 34.-**

As tarifas aplicables polos servizos prestados pola entidade subministradora municipal de augas virán determinadas nos acordos de fixación da taxa do servizo de subministro de auga.

Artigo 35.-

1. Os recibos serán emitidos pola entidade subministradora de auga anunciándose o seu período de pago voluntario de acordo co establecido no artigo 8 da Ordenanza fiscal de auga.

2. O abonado poderá domiciliar o pago do subministrar en calquera entidade Bancaria; no caso contrario obrígase a facer efectivo o importe nas oficinas Bancarias habilitadas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: PY18VATVHJWJYJ



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 36.-

A falta de pago suporá, previa incoación do oportuno expediente, a baixa do abonado e o corte da subministración pasando os recibos pendentes a Recadación Executiva para o seu cobro por vía de constrinximento.

Capítulo VI.- INSPECCION**Artigo 37.-**

1. Cando o persoal da entidade subministradora de auga inspeccione, a instancia de parte ou de oficio, as instalacións do subministro levantará acta na que farase constar:

- a) Os motivos que a orixinan.
- b) A data e hora de realización das comprobacións.
- c) O lugar onde se realice.
- d) O nome e demais datos identificativos do abonado.
- e) Os resultados obtidos.

A firma do empregado da entidade subministradora e a do abonado se este estivese presente na inspección.

2. Da acta , entregarase copia ó abonado.

Capítulo VII.- INFRACCIONS E SANCIÓN S**Artigo 38.-**

1. Toda actuación ou comportamento que contraveña o disposto neste Regulamento, orixinará a apertura de expediente e, se procede, a sanción ós infractores que é independente da suspensión da subministración que se regula nos artigos 32 e 33 deste Regulamento.

2. Os feitos que puidesen constituír infracción penal, tales como a rotura de precintos, destrución das instalacións, contaminación das augas e demais especificados no código penal serán postos en coñecemento do Xulgado de Instrución.

Artigo 39.-

As infraccións, atendida a súa importancia e gravidade, clasificaranse en:

- a) **Leves**, son os incumprimentos das obrigas sinalados no artigo 8 apartados 1, 2, 3, 4 e 12 deste regulamento.
- b) **Graves**, o incumprimento das prohibicións sinaladas no artigo 8 apartados 6, 7, 9, e 11, así como a reiteración na comisión de faltas leves.
- c) **De fraude** son as accións e omisións feitas infrinxindo a normativa contida neste regulamento con ánimo de lucro ou en prexuízo do servizo, en especial, o incumprimento das prohibicións previstas no artigo 8 apartados 5, 8 e 10.



Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Núm. 8

Artigo 40.-

As sancións a impoñer gradúanse segundo a cualificación da infracción en:

- a) Apercibimento nas infraccións leves con obriga do infractor de normalizar a súa situación cando proceda.
- b) Imposición de Multa polo órgano municipal competente ou no que delegue en caso de infracción grave en contía equivalente a un consumo de 15 m³ ao mes, valorados o prezo de tarifa de obra, sen prexuízo da suspensión do subministrar nos casos establecidos.
- c) As infraccións de fraude sancionaranse polo órgano municipal competente ou no que delegue cunha liquidación de consumo mínima de 30 m³ ao mes valorados o prezo da tarifa de obra e multa, podendo retrotraelo ata o máximo do establecido legalmente.

As liquidacións por fraude practícaranse de acordo co procedemento previsto no Regulamento de verificacións, tendo en conta as adaptacións necesarias debido as características da subministración de auga.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

1. As instalacións existentes deberán adaptarse ás prescricións técnicas esixidas por este Regulamento, no momento que sobre elas se faga algún cambio tanto na titularidade do contrato como a realización de obras de reparación, modificación, ampliación ou mellora, así como adaptar o emprazamento do contador. En senso contrario, se transcorridos 3 meses non se adapta a instalación a ditas prescricións abrírase expediente de suspensión da subministración.

2. No prazo dun mes a partir da entrada en vigor deste regulamento virán obrigados a instalar contador os abonados que non o teñan; e a reparalo ou substituílo os que o teñan avariado. Transcorrido dito prazo abrírase expediente de suspensión da subministración.

DISPOSICIÓN FINAL

No non provisto neste Regulamento aplicaranse as normas da Lei de réxime local, os seus regulamentos e demais disposicións aplicables.

Ribadumia, 04 de xaneiro de 2021.

O Alcalde – David J. Castro Mougán.

